

Utopías e esperanzas

Transportando cara á fantasía

MARÍA NAVARRO

A fantasía xoga neste e noutros moitos textos de Fina Casalderrey un papel preponderante. Unha fantasía posta ao servizo da expresión, da palabra leda e amable, como nalgún momento reza nas páxinas de *Un saco de estrelas* “o que máis importa non é que as cousas sexan verdade ou mentira, senón que sexan fermosas”. De modo que a través de máis de cincuenta páxinas a autora vai debullando unha historia de vellos e mozos, de medos e desexos, de días e noites, de utopías e esperanzas na que aniñan ilusións propias e alleas e que se convirten en auténticas leccións de ser e saber ser.

Diante da mofa

dos nenos, a vella responde cun sorriso; ante a estrañeza que causa o seu aspecto, reivindica o dereito a ser diferente; perante o comportamento extravagante, esboza un xesto amable e ante o odio que move o mundo, deita un saco de tenura cheo de estrelas para que os nenos, futuros es-

teos que han de termar da sociedade, aprendan e apreñendan o sentido e importancia que cobran as accións e reaccións de todos e de cada un de nós.

Coa chegada da primavera as árbores froiteiras vistense con flores brancas e rosadas e espertan os instintos máis repug-

nantes dun fato de nenos que non aturan -quizais porque non entenden o comportamento dunha muller que os ten enfeitizados e pola que senten unha mestura de medo e fascinación, aspectos que se convirten en atractivos acicates que moven vontades. E como todo o descoñecido leva aparellado un halo de misterio, quere o destino que Alba, doente dun pé, poida dende a fiesta da casa dos seus tíos ollar os movementos da vella que vive nunha casupa situada na veiga de Sobreorriño e dende aquí percibir marabilla da como a anciá daba de comer ao can, como bailaba baixo a chuvia miúda e como dunha

bolsa máxica sacaba unha bufanda estreita e longuíssima e unha vez estarricada a tira ía aumentando ao ancho.

O ritual repetido ao longo dos días ten intriga da á rapaza que non dubida en achegarse ao portalón de acceso á veiga e moi preto comprobar para que serven os fíos de cabelos que a anciá ía arrincando e o sentido que ten semellante tira de tea.

A utopía disfrazada en forma de bufanda convértese neste texto sinxelo e ameno, de profundo contido en valores, nun desexo que a modo de envoltorio debe rodear o planeta para que todos os nenos e as nenas poidan ver a mesma luz, empresa difícil e laboriosa, pero que paga a pena.

As características ilustracións de Enjamio de imaxes con ollos ben abertos parecen falarlle ao lector de actitudes imprescindibles para camiñar e acadar aquilo que un se propón. O colorido e as liñas ben definidas enchen as páxinas de símbolos que apuntan directamente á intelixencia dos cativos e son quen de transportalos a mundos fantásticos e marabillosos.

CASALDERREY, Fina, *Un saco de estrelas*, Ed. Xerais, Vigo, 2010, PVP, 12,85 €

